



RESOLUCIÓN SOBRE ACTUACIÓN QUE AFECTA A UN BEN INCLUÍDO NO CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA

Expediente 76-155
núm.:
Promotor/a: CONCELLO DE TABOADELA
Situación: LUGAR DE PUMAR, CONCELLO DE TABOADELA. OURENSE

ASUNTO: RESTAURACIÓN DO CONXUNTO ESCULTÓRICO DO CALVARIO DE PUMAR. TABOADELA. OURENSE.

ANTECEDENTES

1. 22/12/2020 Ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. entrada 100588 / RX 2508919) a solicitude remitida polo Concello de Taboadela de autorización de actuación promovida polo propio Concello.

As obras a realizar teñen como finalidade a restauración do conxunto escultórico do Calvario de Pumar sito no lugar de Taboadela. Concello de Taboadela, Ourense.

O proxecto presentado recolle a seguinte proposta de actuación:

Retirada de toda a vexetación, musgos e liques que cobren o cruceiro, eliminándoa de maneira manual e axudados por ferramentas non agresivas como cepillos de cerdas e espátulas de madeira. Esta intervención deberá ser en profundidade procurando eliminar tamén as raíces das plantas superiores existentes entre as xuntas para evitar futuros rebrotes. Para a limpeza de depósitos orgánicos e de terra que queden trala eliminación da vexetación, proponse a aspersion a moi baixa presión e de maneira difusa de auga desionizada. Unha vez terminados estes traballos de limpeza aplicarase en toda a superficie do cruceiro un herbicida de baixo impacto ambiental co fin de evitar a curto prazo a proliferación de nova vexetación.

Nunha segunda fase valorarase a desmontaxe parcial das tres cruces para levalas o taller. Unha vez alí intentaranse corrixir as antigas reparacións mediante a eliminación dos restos de cemento cola e a substitución dos espigos de ferro por espigos de aceiro inoxidable ou fibra de carbono e volveranse a unir os fragmentos mediante o uso dunha resina epoxy bicomponente. Nunha terceira substituiranse as cuñas de fixación de ferro dos fustes por cuñas de cuarcita, realizarase a eliminación de maneira manual dos restos de encintado de cemento Portland





existentes no cruceiro e a súa substitución por morteiro de cal e realizarase a montaxe das cruces xa restauradas.

2. Consta no expediente o informe do técnico restaurador da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais emitido o 28/12/2020.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É de aplicación na tramitación e resolución do expediente o disposto nas seguintes disposicións normativas:
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) (LPCG).
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm.150 do 06.08.1997; corrección de erros DOG núm. 213 do 04.11.1997)
 - Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición de funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello-Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
 - Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (DOG núm. 242, 01.12.2020).
 - As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.
2. A actuación para a que se solicita autorización afecta ao conxunto escultórico do Calvario de Pumar, no concello de Taboadela, ben integrante do catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, segundo o artigo 30 da LPCG, ao estar recollido no catálogo do PXOM do concello de Taboadela coa ficha nº E_26, coa categoría de ben de interese cultural e grao de protección integral. A mais conta con protección xenérica en base á declaración de BIC establecido no Decreto 571/63 de escudos, emblemas, pedras heráldicas, selos de xustiza, cruces de término e similares, e o artigo 92 da lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 39 da LPCG, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, terán que ser autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural, coas excepcións que se establecen nesta lei.





4. Segundo o establecido no artigo 44 da LPCG, as actuacións que se leven a cabo sobre os bens declarados de interese cultural e catalogados seguirán os seguintes criterios:
- 1) Salvagarda dos seus valores culturais e conservación, mellora e, de ser o caso, utilización adecuada e sustentable.
 - 2) Respecto polas súas características esenciais e polos aspectos construtivos, formais, volumétricos, espaciais e funcionais que os definen. Procurarase sempre a aplicación do criterio de mínima intervención nos bens artísticos.
 - 3) Conservación das contribucións de todas as épocas existentes no ben. Excepcionalmente poderá ser autorizada a eliminación dalgunha contribución de épocas pasadas no caso de que supoña unha degradación comprobada do ben e de que a dita eliminación sexa necesaria para permitir a súa adecuada conservación e a súa mellor interpretación histórica e cultural. As partes eliminadas quedaran debidamente documentadas.
 - 4) Preferencia pola utilización de técnicas e materiais tradicionais.
 - 5) Compatibilidade dos materiais, produtos e técnicas empregados na intervención cos propios do ben e os seus valores culturais e pátinas históricas.
 - 6) Discernimento da adición de materiais e técnicas empregados, evitando as adicións miméticas que falseen a súa autenticidades histórica.
 - 7) Reversibilidade das accións de forma que poida recuperarse o estado previo á intervención. Este criterio será prioritario ao deseñar actuacións de conservación e restauración.
 - 8) Compatibilidade do seu uso coa conservación dos valores que motivaron a súa protección.
 - 9) Non se utilizarán ou aplicarán técnicas e materiais agresivos coas pátinas de valor cultural e cos materiais orixinais ou incompatibles coa debida conservación dos bens.
 - 10) A reconstrución dun ben destruído por conflitos, catástrofes naturais ou causas intencionadas ou fortuitas poderá autorizarse excepcionalmente por razóns de interese social, cultural ou educativo.





5. Segundo o artigo 45 da LPCG:

1. As intervencións que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados deberán contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural cando teñan por obxecto:

- a. Novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional.
- b. As intervencións de calquera tipo que se manifesten cara o espazo exterior público ou privado das edificacións existentes.
- c. As actuacións que afecten a estrutura parcelaria, os elementos configuradores característicos da estrutura territorial tradicional, os espazos libres e a topografía característica do ámbito, incluídos os proxectos de urbanización.
- d. A implantación ou os cambios de uso que poidan ter incidencia sobre a apreciación dos bens no territorio, incluídas as cortas e as repoboacións forestais.
- e. As remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2. As restantes intervencións no contorno de protección non necesitarán autorización previa ao outorgamento da licenza, ben que deberán ser coherentes cos valores xerais do contorno.

3. As cortas forestais que se realicen no contorno de protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparellado un cambio de uso, e que, conforme a lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei, requirirán da emisión dun informe sectorial da consellería competente en materia de cultura, que se integrará no procedemento de outorgamento da correspondente autorización forestal.

6. O Consello Territorial de Patrimonio Cultural, reunido en sesión ordinaria do 29/01/2021, asume o indicado no informe do restaurador do día 28/12/2020 e, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Informar favorablemente a proposta de restauración do conxunto escultórico do Calvario de Pumar, en Taboadela, co cumprimento das seguintes condicións:

- Os traballos de conservación-restauración deberán ser realizados por persoas con formación e titulación específica en materia de conservación e restauración de bens culturais.





- Comunicarase aos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o inicio dos traballos de restauración co fin de coordinar as visitas técnicas que se levarán a cabo durante os mesmos.
- Manterase a coordinación necesaria cos devanditos servizos técnicos durante a execución dos traballos ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto de restauración ou o seu alcance e obxectivos e que estea xustificada na mellor conservación dos valores culturais do ben. Esta modificación deberá ser consultada de forma previa cos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, no seu caso, someterse á súa correspondente autorización, ficando debidamente documentada.
- Trala finalización dos traballos deberá achegarse unha memoria final técnica na que o técnico responsable da súa execución recolla a descrición de todos os procesos executados, seguindo o modelo do Anexo I das Condicións Xerais para a realización de traballos de restauración, que poderá ser solicitado aos Servizos Técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A xefa do Servizo de Coordinación Cultural é competente para resolver o expediente segundo o acordo do 2 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, polo que se delega nos titulares dos Servizos de Coordinación Cultural das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Universidade o exercicio de determinadas competencias (DOG núm. 253 do 17.12.2020).

De acordo con todo o indicado, consonte co ditame do Consello Territorial de Patrimonio Cultural, RESOLVO:

Autorizar a execución das actuacións solicitadas relativas á restauración do conxunto escultórico do Calvario de Pumar, en Taboadela, co cumprimento das condicións establecidas no acordo do Consello Territorial de Patrimonio Cultural e que se transcriben no apartado 6 das Consideracións Legais e Técnicas.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer un recurso de alzada ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Turismo, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co disposto nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015) e co artigo 26.3c da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Xefatura Territorial
Servizo do Patrimonio Cultural

Avenida de la Habana, 79 - 3º
32003 Ourense
988 386 060
patrimonio.cultura.ourense@xunta.gal



O que se notifica en cumprimento e para os efectos do artigo 40 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Ourense,
A directora xeral de Patrimonio Cultural
P.D. Resolución do 02.12.2020
A xefa do Servizo de Coordinación Cultural
Sandra Quintas Vázquez
(asinado dixitalmente)

Asinado por: QUINTAS VAZQUEZ, SANDRA
Cargo: Xefa de servizo
Data e hora: 03/02/2021 10:12:26

CVE: WkhkSnE0Ua8
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021